



 **Entrevistamos a...**



Teresa Alvariño

Gerente de CETAQUA Galicia

“Innovación y concienciación para preservar el agua”

[Ler máis...](#)



Jesús Cotelo

Sociólogo del Grupo Applus+

“Consumimos más de lo que la Tierra puede regenerar”

[Ler máis...](#)

 **Editorial**



Javier Domínguez

Presidente de Sogama

“E por fin chegou o verán (sustentable?)”

[Ler máis...](#)

 **Mundo SOGAMA**

Sogama mellora en eficiencia co Proxecto de Interese Autonómico




A Xunta publicou no DOG do pasado mes de maio, a aprobación definitiva do Proxecto de Interese Autonómico (PIA) de Sogama, un instrumento de ordenación propio que lle permitirá seguir mellorando

a eficiencia das súas instalacións, facilitando e axilizando a ampliación futura do Complexo Medioambiental de Cerceda.

[Ler máis...](#)

 **Actualidade**

Metodoloxía 5S na planta de clasificación de envases



A nova planta de transferencia de Ponteceso gañará en capacidade e eficiencia

Sogama dota a planta de Monforte cunha liña de transferencia para a materia orgánica

[Ler máis...](#)

 **Multimedia**

Recicla responsable para un mundo redondo

Sogama anima a escoitar a terra no Día do Medio Ambiente



Sogama fomenta a bicicleta como medio de transporte alternativo

[Ver máis...](#)

 **Eventos**

Reactivado o programa de visitas a Sogama da man das novas tecnoloxías

Participación no foro “La Galicia que viene”

[Máis eventos...](#)

 **Curiosidades**

Un novo acordo internacional protexe a biodiversidade mariña

A CE regula a subministración sostible de materias primas críticas

[Máis curiosidades...](#)

 **Receitario**



Que comes hoxe?

Arroz con pavo

[Ver receita...](#)

Síguenos en...



www.sogama.gal



Editorial



E por fin chegou o verán (sustentable?)

Entrando no mes de xullo, xa son moitos os que están a gozar das súas vacacións na praia, no campo, na montaña ou simplemente tiveron que quedar na casa por diversos motivos (o que a todos nos ten pasado moitas veces). E aquelas tarefas que levamos relegando todo o ano á época estival, como ler, facer exercicio, visitar museos, gozar da familia e dos amigos, do picoteo nunha terraza ou do baile nunha verbena, non terían sentido sen un ambiente que as recrea e as fai únicas, permitindo que pasen a formar parte do noso particular arquivo de recordos, entre os que se atopan estampas limpas, atractivas e agradables que baixo ningún concepto queredamos ensuciar. Pero, por desgraza, non todos os comportamentos humanos se guían polo civismo e non é raro, sobre todo en lugares turísticos, ver vasiños e paus de xeado tirados polo chan, así como envoltorios de doces, cabichas de cigarros, paquetes de tabaco, bolsas de

pipas, latas de bebida e algúns que outro resto de comida; residuos todos eles que os servizos de recollida e limpeza municipais se esforzan en recoller, sabendo que, pouco despois, posiblemente se repita o mesmo xesto por outras persoas para as que o chan dunha rúa, a area dunha praia ou a auga do mar son a súa particular papeleira ou contedor. Algo tan sinxelo como gardar o papel, o recipiente ou a lata ata atopar o lugar axeitado para depositalo, parece traducirse para algúns nun esforzo desmesurado do que desisten como se iso supuxese unha afrenta á súa integridade. Son, sobre todo, comportamentos reprochables que debemos frear, e por unha poderosa razón: porque habitamos en espazos compartidos nos que se debe garantir a convivencia, pero tamén porque o turismo representa a primeira actividade económica en moitas vilas costeiras, e a limpeza e a orde son atributos que cotizan á alza. O relax nunca debe asociarse coa

preguiza. Todos temos dereito a gozar dun contorno saudable, e todos temos a obriga de coidalo e protexelo. O cumprimento das normas é a mellor garantía de convivencia harmónica: nada ao chan e todo polo planeta no que vivimos.

Feliz verán, sustentable.

[Editorial en castelán](#)

Presidente

Javier Domínguez Lino

Entrevistamos a...



Teresa Alvarinho

Gerente de Cetaqua Galicia

“Es preciso seguir trabajando en innovación social y concienciación sobre la necesidad de preservar el recurso del agua”

Según el INE, Galicia es la sexta comunidad autónoma con mayor consumo de agua por habitante en España. A pesar de ser “el país de los mil ríos” tal y como lo definió el escritor gallego Álvaro Cunqueiro, es preciso informar a la sociedad del ciclo del agua y alertarla de las consecuencias de la carencia de este recurso natural. El Centro Tecnológico del Agua (Cetaqua) se constituyó en 2011 y su función, tal y como explica su gerente, Teresa Alvarinho, es promover la colaboración interinstitucional público-privada para asegurar la sostenibilidad y la eficiencia del ciclo hidrológico.

¿En qué marco se crea el Centro Tecnológico del Agua (Cetaqua) y con qué objetivos?

El modelo de colaboración público-privada para la investigación y la innovación que caracteriza a nuestro centro da comienzo en 2007 de la mano de Cetaqua Barcelona. El éxito fue tal, que el modelo se replicó en otros centros Cetaqua en Andalucía, Chile y Galicia. Entidades independientes que comparten estrategia y estructura y trabajan colaborativamente las unas con las otras. Cetaqua Galicia se crea en 2011 por Viaqua, la Universidad de Santiago de Compostela y el Consejo Superior de Investigaciones Científicas con el objetivo de ser referente, a nivel regional y europeo, en la aplicación del conocimiento científico al ciclo del agua, especialmente en el ámbito de la valorización de las aguas residuales, promoviendo la economía circular.

Cetaqua se autodenomina como “modelo único de colaboración entre la Administración, la

universidad y la empresa”.

¿Cómo afecta al trabajo diario esta triple hélice?

Nuestro objetivo es cubrir los retos de las empresas gallegas, las administraciones y la sociedad a través de la transferencia de conocimiento y la aplicación de soluciones tecnológicas de I+D+i. Para ello, promovemos la colaboración público-privada con otros centros de conocimiento, el tejido empresarial y la administración en nuestro día a día, lo que nos permite asegurar la sostenibilidad y la eficiencia del ciclo del agua teniendo en cuenta las necesidades locales.

¿En qué líneas estratégicas están trabajando actualmente y cuáles son sus prioridades?

En el contexto actual de emergencia climática, Cetaqua trabaja en cinco líneas de investigación, que son: biofactoría y recuperación de recursos, gestión de recursos hídricos, gestión de infraestructuras críticas y resiliencia, sostenibilidad

“En el contexto actual de emergencia climática, desde Cetaqua Galicia nos enfocamos hacia nuevos modelos de economía circular.”

ambiental, económica y social y agua 4.0. En el caso de Cetaqua Galicia, tenemos dos áreas principales de investigación que están alineadas con la estrategia RIS3 Galicia 21-27. El área de biofactoría y recuperación de recursos, donde desarrollamos soluciones tecnológicas para transformar las plantas de tratamiento de aguas residuales en biofactorías, que permitan obtener de forma eficiente recursos, como

🏠 [Volver á portada](#)

3



Entrevistamos a...

el agua, la energía y los materiales de alto valor añadido. Y el área de sostenibilidad ambiental, económica y social, donde desarrollamos soluciones que, aplicadas a territorios y empresas, aseguran un desarrollo sostenible: consciente ambientalmente, económicamente viable y enfocado al beneficio de la sociedad.

Son numerosos los proyectos de I+D que han abordado a lo largo de todos estos años y muchos de ellos con gran proyección técnica y mediática, como es el caso de CIGAT Biofactoría. Háblenos de él.

CIGAT comenzó en 2015 como una alianza estratégica entre Viaqua, la Axencia Galega de Innovación y Cetaqua Galicia para promover líneas de investigación conjuntas, enfocadas al desarrollo de tecnologías asociadas al ciclo integral del agua. En 2018, se consolidó este modelo colaborativo con CIGAT Biofactoría, que promovía el residuo cero a través del aprovechamiento y valorización de los materiales presentes en las aguas residuales. Esta alianza ha dado lugar en 2022 al Centro Mixto de Investigación CIGAT Circular, que propone un modelo integral de conversión de residuos en recursos de alto valor añadido con el objetivo de contribuir a la descarbonización de Galicia, a través de los ejes agua, energía, residuos y digitalización. Para ello, la colaboración activa con el tejido empresarial gallego es fundamental, como así lo demuestran nuestros proyectos en sinergia con Sogama.

Agua 4.0. ¿La digitalización del agua ya está aquí?



CIGAT promueve líneas de investigación conjuntas entre Viaqua, la Axencia de Innovación y Cetaqua Galicia.

La digitalización es un aspecto clave para la transformación del sector del agua. Desde Cetaqua, junto a empresas y otros centros de conocimiento de la comunidad como Viaqua, Aquatec o ITG, estamos trabajando en aumentar la resiliencia, eficiencia y sostenibilidad del ciclo del agua a través de la aplicación de visión por computación e inteligencia artificial. La compra pública innovadora Innovaguas y proyectos, como Conecta Hub EDAR360, promovidos desde la comunidad gallega van en esta línea y permitirán reducir la brecha digital que existe en el sector.

El cambio climático, la mayor frecuencia de fenómenos meteorológicos extremos, la sequía que padece ya una buena parte de España, etc. ¿Está influyendo todo esto en una mayor concienciación sobre la necesidad de preservar el

agua? ¿Los gallegos somos más conscientes de la necesidad de no desperdiciar este valioso recurso?

Es necesario seguir trabajando en innovación social y concienciación sobre la necesidad de preservar este recurso, porque se sigue teniendo la percepción que tener agua en casa es solo abrir un grifo y se desconoce todo el ciclo urbano del agua y su resiliencia. Según datos del INE, en Galicia, el consumo durante 2020 fue de 130 litros al día por habitante, lo que la sitúa como la sexta comunidad autónoma con mayor consumo en España. Con el objetivo de involucrar a la población en una mejor gestión del agua y evitar el desperdicio de este recurso, Cetaqua participa en el demostrativo RUAGUA, junto al Consorcio de Aguas de Valdeorras y Aquaourense, que promueve un nuevo modelo de gobernanza en el ayuntamiento de A Rúa a través del uso de agua regenerada y donde la participación de la ciudadanía será clave.



PERFIL PROFESIONAL

Teresa Alvariño es ingeniera química y doctora en ingeniería química y ambiental por la Universidad de Santiago de Compostela. Desde finales de 2021 es la gerente del centro tecnológico Cetaqua Galicia, donde ha desarrollado también funciones de dirección de proyectos y coordinación de propuestas de I+D+i desde su incorporación en 2017. Teresa Alvariño cuenta con una dilatada carrera de más de 10 años como investigadora enfocada al tratamiento y valorización de aguas residuales y desde 2022 es miembro del comité científico del partenariado europeo Circular Bio-based Europe Joint Undertaking (CBE Ju).

🔍 Volver á portada

4



Entrevistamos a...



Jesús Cotelo

Sociólogo y especialista en medio ambiente del Grupo Applus+



“Ser sostenibles no es una opción, es una obligación para garantizar un futuro próspero para todos”

En una sociedad donde la ciudadanía mantiene una tendencia cada vez más creciente hacia una mayor preocupación por los problemas ambientales, el sociólogo Jesús Cotelo resalta la importancia de establecer procesos participativos que permitan involucrar a la ciudadanía en la planificación de la gestión de los residuos municipales.

Participó activamente en la experiencia piloto de la recogida selectiva de envases ligeros en Galicia a finales de los años 90, y, desde entonces, una buena parte de su vida profesional ha estado ligada al diseño y ejecución de campañas de concienciación ¿Cómo ha cambiado desde entonces la visión de la sociedad respecto al medio ambiente?

Efectivamente, hace 25 años tuve la oportunidad de unirme al equipo técnico de Norcontrol (que en 2004 pasó a formar parte del Grupo Applus+) y participar en un proyecto con la Xunta de Galicia para la implantación de la recogida de envases ligeros.

En estos años, la visión de la sociedad ha evolucionado de una forma muy significativa, dirigiéndose hacia una mayor conciencia sobre la importancia de proteger el medio ambiente, reducir la contaminación y aprovechar los residuos como recursos, entre otros aspectos. No obstante, los desafíos ambientales persisten (contaminación, cambio climático, pérdida de la

biodiversidad, agotamiento de los recursos naturales...).

La ciudadanía mantiene una tendencia creciente en la preocupación por los problemas ambientales, pero ésta no se transforma linealmente en comportamientos ecológicos concretos como ahorrar agua, usar transporte público o separar residuos.

Dicen que el medio ambiente está de moda ¿Una moda pasajera o ha llegado para quedarse?

Los términos relacionados con el medio ambiente que tienen más presencia en el debate público van evolucionando con los años, en gran medida alineados con los grandes acuerdos internacionales, pero el medio ambiente no es efímero y su deterioro tampoco: sólo tenemos un planeta Tierra y seguimos consumiendo más de lo que es capaz de regenerar.

La protección de medio ambiente es una necesidad apremiante reconocida por los ciudadanos, las empresas y las administraciones

“En Applus+ creemos que el concepto de sostenibilidad debe trascender más allá de una simple idea subjetiva.”

públicas, situando la contaminación y el cambio climático como elementos centrales del problema. El medio ambiente no se protege a través de promover una imagen de conciencia ecológica sin llegar a tomar medidas significativas para respaldarla, el llamado “greenwashing”, sino que requiere adoptar una forma respetuosa de consumir y de relacionarse con el entorno.

Conceptos tales como cambio climático, sostenibilidad, calentamiento global, economía circular, biodegradable, etiqueta

Entrevistamos a...

“La ciudadanía mantiene una tendencia creciente en la preocupación por los problemas ambientales, pero ésta no se transforma linealmente en comportamientos ecológicos concretos.”

verde, criterio multiterritorio...

¿Pueden llegar a saturar y confundir a la ciudadanía?

Los psicólogos utilizan el término “ecofatiga” para referirse a la saturación mental que les produce a los ciudadanos la existencia de una elevada cantidad de mensajes ecológicos.

Efectivamente, las continuas llamadas a la responsabilidad ambiental y el uso inadecuado de estos términos pueden provocar el efecto contrario al deseado: los ciudadanos se desentienden de ese mensaje.

Las personas necesitamos sentirnos partícipes de un movimiento, local y global, en el que confluya la complicidad de los distintos agentes (ciudadanos, comercios, administraciones, gestores...) para que se produzcan cambios efectivos en los comportamientos de las personas.

En el caso de los residuos, el esfuerzo se está centrando en su valor como recursos y la necesidad de que la población colabore en su reducción, reutilización y reciclado. ¿Está calando el mensaje?

Tradicionalmente la sociedad ha tenido interiorizada la idea de aprovechar y compartir los recursos, por lo que la introducción del concepto de economía circular debería tener el camino allanado si se plantease de forma transgeneracional.

Podremos decir que está calando el mensaje cuando el ciudadano tome conciencia del beneficio para su economía doméstica

de determinadas prácticas de prevención, reutilización y separación de residuos y las ponga en práctica. Los indicadores de generación y recogida selectiva de residuos nos indican que el mensaje no está calando con la intensidad que debería. Entre otros factores, esto sucede porque estamos transmitiendo a los ciudadanos “recomendaciones” que no se sancionan si se incumplen ni se retribuyen si se hacen bien.

¿Hacia dónde deberían orientarse los esfuerzos para conseguir resultados efectivos en la educación y comunicación ambiental?

En relación con los residuos domésticos, los ciudadanos muestran actitudes retóricas y pasivas que se traducen en el cumplimiento de mínimos y la demanda de soluciones públicas para afrontar los problemas asociados. Se debe intervenir socialmente para transformar estas actitudes en conductas sostenibles realizadas por ciudadanos informados y comprometidos desde el convencimiento personal.

Para ello, la comunicación y educación ambiental tiene que apelar a la dimensión cognitiva, afectiva y conductual, a través de acciones que proporcionen información clara, incentivos que desbloqueen actitudes negativas y sanciones que corrijan los comportamientos más nocivos con el medio ambiente.

Esta educación y comunicación ambiental se debe planificar a largo plazo y estos planes deben ser monitorizados, evaluar su eficacia y realizar las acciones de mejora necesarias.

Los objetivos de reciclaje europeos están ahí y los plazos apremian. ¿Qué deben hacer los ayuntamientos, que son quienes tienen las competencias en materia de residuos, para contribuir a su consecución?

Desde Applus+ tenemos la oportunidad de acompañar a distintas administraciones locales en este proceso y, en general, nos transmiten las dificultades que se le presentan para adaptarse a los cambios normativos, mantener la estabilidad presupuestaria y



Entrevistamos a...

conseguir los objetivos planteados. Para ello se tiene que abordar globalmente la planificación de la gestión de los residuos municipales, abarcando los aspectos legales, ambientales, económicos y sociales. Sólo desde el diagnóstico objetivo de la situación actual, el conocimiento del marco legal, la capacitación técnica y la participación social se pueden articular los proyectos adecuados para conseguir alcanzar los objetivos deseados.

En Applus+ creemos que el concepto de sostenibilidad debe trascender más allá de una simple idea subjetiva. Es un enfoque estratégico que genera valor a largo plazo para la sociedad y que implica la acción y la integración de prácticas sostenibles en todas nuestras actividades. Ser sostenibles no es una opción, es una obligación que tenemos para garantizar un futuro próspero para todos. Desde mi perspectiva como sociólogo es fundamental

resaltar la importancia de establecer procesos participativos que permitan involucrar a la ciudadanía en la planificación de la gestión de los residuos municipales.

En última instancia, el compromiso con la sostenibilidad, la gestión eficiente de los residuos y la promoción de prácticas responsables son esenciales para construir un mundo más saludable y equilibrado para las generaciones presentes y futuras.



PERFIL PROFESIONAL

Jesús Cotelos Castiñeira es Licenciado en Sociología, MBA en Administración y dirección de empresas y especialista en Formación Ocupacional.

En Applus+ ha participado en proyectos de educación ambiental, participación ciudadana, comunicación social, gestión de residuos, impacto ambiental y sostenibilidad, entre otros.

En gestión de residuos, cuenta con experiencia en la auditoría y control de servicios de recogida y limpieza, la realización de estudios sociales y económicos para la planificación de servicios y el desarrollo de campañas de comunicación y formación.

Desde 2010 es el Coordinador del equipo de educadores ambientales de Applus+ encargado de la atención a las visitas recibidas en el Complejo medioambiental de Sogama en Cerceda (A Coruña).



Mundo SOGAMA

Sogama segue mellorando a eficiencia das súas instalacións co novo Proxecto de Interese Autonómico

Trátase do primeiro Proxecto de Interese Autonómico aprobado en Galicia que permitira á empresa pública ampliar a súa actividade a novos espazos e outorgaralle máis marxe de actuación para avanzar na economía circular



Sogama xestiona e trata os residuos de 295 concellos galegos.

A Xunta publicou o pasado mes de maio, no Diario Oficial de Galicia, a aprobación definitiva do Proxecto de Interese Autonómico (PIA) de Sogama, un instrumento de ordenación propio que permitirá á empresa pública que poida seguir mellorando a eficiencia das súas instalacións en Cerceda. Tras recibir o visto bo do Consello da Xunta no mes de marzo, a declaración habilita unha regulación de usos dos terreos e da edificación no ámbito que abrangue o PIA, ao tempo que se sentan as bases para garantir que

Sogama avance cara á economía circular e o cumprimento en prazo dos obxectivos europeos sobre xestión de residuos municipais. A solicitude de declaración como PIA deste proxecto fundaméntase no carácter básico e esencial do servizo público que presta Sogama no conxunto do territorio galego a través da xestión e do tratamento dos residuos urbanos que producen os 295 concellos adheridos ao seu sistema, que representan o 94% das entidades locais galegas e contan cunha poboación superior a 2,2 millóns de habitantes.

A cualificación de Proxecto de Interese Autonómico da planta de Sogama, primeiro aprobado en Galicia, facilitará e axilizará a ampliación no futuro das súas instalacións en Cerceda, habilitando á empresa para construír novas edificacións nos terreos dos que dispón sen someterse aos condicionantes urbanísticos das normas subsidiarias. Ao tempo, permitirá adaptar os parámetros de edificabilidade e alturas ás súas necesidades reais.



Actualidade

Sogama aplica a metodoloxía 5S na planta de clasificación de envases para mellorar a súa eficiencia, produtividade e satisfacción do persoal

Esta metodoloxía posibilita a configuración dun espazo de traballo máis ordenado, limpo, organizado e seguro, con menor consumo de recursos e xeración de refugallo, contribuíndo á economía circular



Os operarios da instalación recibiron formación na nova metodoloxía.

Nesa carreira de mellora continua que Sogama emprendeu cara á optimización da prestación dun servizo público esencial para a poboación, como é a xestión sostible dos residuos municipais, esta compañía, da man de Prezero, contratista da planta de clasificación de envases lixeiros situada no Complexo Medioambiental de Cerceda (onde se separan por tipoloxías os envases de plástico, latas e briks procedentes da recollida selectiva dos contedores amarelos), aplicará na área de almacéns desta instalación a denominada metodoloxía 5S, que

se sustenta en 5 piares: clasificación (Seiri), organización (Seiton), limpeza (Seiso), estandarización (Seiketsu) e disciplina (Shitsuke).

Esta metodoloxía, que ten a súa orixe en Xapón trala segunda guerra mundial, xa se instaurou en empresas de todo o mundo con resultados contrastados e altamente positivos, toda vez que posibilita a configuración dun espazo de traballo máis ordenado, limpo e organizado ao minimizar a presenza de obstáculos, ferramentas e subministracións innecesarias, así como máis seguro, á vez que propicia un menor consumo de

recursos e unha menor xeración de residuos, contribuíndo deste xeito á economía circular. Isto redonda nun incremento da produtividade e a eficiencia, e, en consecuencia, nunha maior satisfacción do persoal. Co obxecto de facer partícipes desta nova forma de xestión aos operarios da planta de clasificación, Sogama acolleu unha sesión informativa na que se explicaron con detalle os pormenores do proxecto, que toma a forma de piloto co fin de dispoñer dun primeiro estándar LEAN, determinando así a mellor maneira de realizar as operacións e obter un nivel de calidade homoxéneo.



Actualidade

A nova planta de transferencia de Ponteceso gañará en capacidade e eficiencia e prestará un mellor servizo

A nova planta, á que se destina un investimento próximo aos 1,5 M€, contará con capacidade para 12.643 t/ano e estará preparada para transvasar as bolsas amarela, negra e marrón (FORSU)

O pasado mes de maio incíuse a demolición das tolvas de recepción de residuos da actual microplanta de Ponteceso (A Coruña), que será substituída por outra de maiores dimensións, capacidade e prestacións, incrementando con isto a súa dispoñibilidade, á vez que se a dota de maior eficiencia. Debido á imposibilidade de manter en funcionamento a microplanta durante o período de obras -dada a configuración e superficie da parcela dispoñible- Sogama puxo ao dispor dos concellos adscritos a esta instalación, isto é, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe e Malpica, alternativas para que o servizo de recollida e xestión de residuos nestas localidades non se vira resentido. Así, poden trasladar os seus refugallos ao Complexo Medioambiental de Cerceda, operativo as 24 horas do día e os 365 días do ano, onde xa veñen entregando a bolsa amarela, ou ben á planta de transferencia de Santa Comba.

Nova planta de transferencia

O recinto no que se levanta a nova planta de transferencia, situada nas inmediacións do parque empresarial de Tella, conta cunha superficie de 5.235 m², dos cales 1.000 m² reserváronse para zonas verdes, ocupando 650 m² a nave na que se levará a cabo o proceso de transferencia dos residuos. Con capacidade para 12.643 toneladas anuais, a instalación,



A nova nave ocupará unha superficie de 650 m².

adxudicada por un importe próximo aos 1,5 millóns de euros, estará preparada para transvasar, ademais da bolsa amarela (envases de plástico, latas e briks recollidos a través do contedor amarelo) e bolsa negra (fracción resto recollida

a través do contedor xenérico), a bolsa marrón, é dicir, a materia orgánica (FORSU) depositada de forma diferenciada no contedor marrón, que se atopa en fase de implantación na comunidade.



Actualidade

Investimento de 1 millón de euros para dotar á planta de Monforte (Lugo) cunha liña de transferencia para a materia orgánica

Unha vez reformada, a planta dará servizo a 18 municipios que incorporarán os contedores marróns para a recollida selectiva desta fracción

Sogama inviste 1 millón de euros para dotar á planta de Monforte de Lemos cunha liña de transferencia para a materia orgánica recollida de forma diferenciada a través do contedor marrón, que os concellos deberán implantar antes do próximo 31 de decembro, conforme á normativa europea. Así o explicaron o pasado mes de abril o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o presidente da empresa pública, Javier Domínguez, ante os alcaldes e portavoces locais dos municipios que veñen utilizando esta instalación ou que o farán nun futuro.

Os concellos adscritos a esta planta xa remiten os residuos correspondentes aos contedores amarelos (envases de plástico, latas e briks) e xenéricos (resto ou non reciclable). Coa ampliación para os restos orgánicos evitaranse os desprazamentos a outras instalacións, o que suporá un aforro económico para arcas municipais e a redución de emisións contaminantes.



O delegado territorial da Xunta en Lugo e o presidente de Sogama informaron aos rexedores lucenses da nova liña de transferencia.

Unha vez reformada, a planta poderá transvasar a materia orgánica procedente dun total de 18 municipios que aglutinan unha

poboación de 53.593 habitantes. Está previsto que poida entrar en servizo a mediados do vindeiro ano.

Sogama introduce melloras na planta de transferencia de Boiro por un importe próximo aos 97.000 euros

O contrato contempla a construción de dous novos parking de contedores -un cuberto para dúas prazas e outro descuberto para seis-, así como a modificación da rede de saneamento

A Sociedade Galega do Medio Ambiente adjudicou o pasado mes de abril, por un importe de 96.860,20 euros, a obra de construción de dous novos parking de contedores e a modificación da rede de saneamento na planta de transferencia de residuos urbanos de Boiro (A Coruña).

Os traballos a realizar contemplan a demolición do parking existente e a execución dun novo parking cuberto

de contedores, con dúas prazas, e un descuberto para seis prazas. As prazas están concibidas para contedores de 43 metros cúbicos. Así mesmo, o contrato inclúe a execución dunha rede de captación de augas residuais de ambos os dous novos parking a fin de conducilas ata a arqueta de desbaste da EDAR para o seu tratamento, así como a rede de drenaxe de augas pluviais.



A nova instalación terá dous novos parking, un cuberto e outro descuberto.

🔄 **Volver á portada**

11



Actualidade

O Complexo Medioambiental de Cerceda contará cun novo aparcadoiro de vehículos dotado con 6 puntos de recarga eléctrica

Con capacidade para 60 prazas, atenderá as necesidades dos traballadores/as e dará servizo específico a aqueles que se desprazan en coche eléctrico

Sogama adxudicou o pasado mes de maio, por un importe de 446.664 euros, a obra de construción dun novo aparcadoiro de vehículos cuberto con marquesiñas metálicas en ménsula, e con capacidade para 60 prazas, reservando varias delas para persoas con mobilidade reducida. O contrato contempla a subministración e instalación de 3 estacións de recarga de vehículos eléctricos de tipo trifásico de 22 kW (3x32A), estando dotada cada estación con 2 puntos de recarga mediante manguera de 5 m con saída tipo 2. En total, serán 6 puntos



de recarga eléctrica cos que contará o novo aparcadoiro, que se localizará nas inmediacións da Planta Termoeléctrica para atender as necesidades do persoal adscrito ao Complexo Medioambiental. Con esta obra, a empresa pública pretende dar servizo a aqueles traballadores/as que se desprazan

O espazo contará con 6 puntos de recarga eléctrica.

en vehículo eléctrico ao tempo que promove a preferencia por coches máis respectuosos co medio ambiente e máis sostibles.

Sogama conmemora o Día do Medio Ambiente cunha campaña que anima a coidar Galicia

A Sociedade Galega do Medio Ambiente conmemorou o Día do Medio Ambiente cunha campaña que poñía de relevo a necesidade de contar coa colaboración da cidadanía para coidar Galicia a través da xestión sostible dos residuos municipais. Neste sentido, lembrou o traballo que vén desenvolvendo desde hai 30 anos, unha tarefa que foi posible grazas á implicación de toda a sociedade.

Imaxe da campaña de Sogama con motivo do Día do Medio Ambiente



[Volver á portada](#)

12

Actualidade

O proxecto europeo Res4VALOR chega á súa fin aglutinando a experiencia da USC, Sogama e a Universidade no Minho

Sogama participou no mesmo, en calidade de socio, xunto coa USC e a Universidade do Minho (Portugal), sendo o obxectivo desta iniciativa reforzar a valorización do compost mediante a súa posible utilización para a retención de contaminantes orgánicos en sistemas de tratamento de augas residuais

Sogama, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela, por parte de Galicia, e a Universidade do Minho, no caso de Portugal, formou parte, en calidade de socio, do proxecto de cooperación transfronteiriza Res4VALOR, orientado a desenvolver accións de capitalización de resultados do proxecto Res2ValHum (Valorización de residuos orgánicos: produción de substancias húmicas), no que tamén participou esta empresa pública. Do mesmo xeito que o último, Res4VALOR enmarcouse no programa Interreg VA España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 e estivo financiado polo Fondo FEDER. O principal obxectivo deste proxecto, que contou cun orzamento de 286.600 euros, foi reforzar a valorización do compost mediante a súa posible utilización para a retención de contaminantes orgánicos en sistemas de tratamento de augas residuais.

Acción piloto no Campus Vida

Entre as actividades desenvolvidas, destaca unha acción piloto no Campus Vida da USC, no que se instalou unha área de compostaxe na que se depositan os residuos orgánicos separados na cafetería da Escola Técnica Superior de Enxeñaría para ser transformados en compost, que posteriormente empregará para abonar os xardíns e zonas verdes do propio Campus Universitario.

Sesións formativas na USC e concellos

O proxecto incluíu tamén a impartición de sesións formativas nos campus da USC e nos concellos da provincia de A Coruña que teñen implantado o contedor marrón. Así, desenvóléronse sesións formativas na ETSE e na Facultade de Química da USC co fin de que a comunidade universitaria tomase



Acción piloto no Campus Vida da USC.

conciencia da importancia que ten separar de forma correcta a materia orgánica en orixe. No caso dos concellos, persoal

técnico de Sogama formou a veciños e veciñas de A Laracha, Cerceda, Carballo, Santa Comba e A Baña.



Participantes na sesión formativa celebrada en Carballo.



Actualidade

Sogama fai públicos os centros escolares premiados no concurso de carteis promocionais da reciclaxe

O CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán de Xove, o CEIP Pintor Laxeiro de Vigo e o Colexio Plurilingüe Divina Pastora-MM Franciscanas de Ourense recibiron o primeiro, segundo e terceiro galardón, respectivamente



Alumnos do CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán de Xove, gañador do primeiro premio.

No marco do Día Internacional da Reciclaxe, que se celebrou o pasado mes de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas, Sogama fixo pública a relación de centros escolares adscritos ao programa "Reciclate con Sogama" 2022-2023, que resultaron premiados no concurso sobre carteis promocionais da reciclaxe.

O 1º premio, dotado con 1.300 euros, recaeu no CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán de Xove (Lugo), polo seu cartel "Planeta só temos un, usa o sentido común". No mesmo aseguran que a humanidade dispón de moi pouco tempo para cambiar moitas cousas, pero, ao seu xuízo, "Non necesitamos unhas poucas persoas que o fagan de forma perfecta, senón a miles de persoas facéndoo de forma imperfecta".

O 2º premio, con 1.000 euros, foise para Vigo, concretamente para o CEIP Pintor Laxeiro polo seu cartel "Ecolaxeiro", que representa a figura dun paxaro confeccionado cun conxunto de plumas elaboradas polo alumnado con material reciclado. O mural simboliza a liberdade dun paxaro que habita nun mundo ideal no que os Ecolaxeiros aplican cada día o principio europeo dos tres erres

(reducir, reutilizar e reciclar) para conseguir entre todos "un planeta cheo de vida que permita voar moi alto".

O 3º premio, con 700 euros, levouno o Colexio Plurilingüe Divina Pastora-MM Franciscanas, de Ourense. Co lema

"Se un bo planeta queres ter, reciclar é o que tes que facer". O seu traballo pretende transmitir que, dada a elevada xeración de lixo, o reciclaxe constitúe un hábito de primeira necesidade para poder gozar dunha contorna limpa e saudable.



O CEIP Pintor Laxeiro resultou gañador do segundo premio co cartel 'Ecolaxeiro'.



Representantes do Colexio Plurilingüe Divina Pastora-MM Franciscanas, de Ourense, recolleron o terceiro premio



Actualidade

Nova páxina web de Sogama, coa que pretende chegar, aínda máis o seu labor aos cidadáns

A nova canle de comunicación da empresa pública coa cidadanía aposta por unha maior transparencia e interactividade



Introdución a Sogama

A Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) é unha empresa pública autonómica, creada no ano 1992 polo Decreto 111/1992 da Xunta de Galicia e adscrita actualmente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que se configura como un instrumento operativo ao servizo da política ambiental de Galicia e ao servizo do Goberno da Xunta en xeral.

A Sociedade Galega do Medio Ambiente lanzou unha nova páxina web (www.sogama.gal) coa que pretende chegar, aínda máis, o seu labor aos cidadáns, apostando de forma decidida por unha maior transparencia e interactividade. A redistribución de contidos en áreas diferenciadas, pero interconectadas entre si, permite á entidade simplificar a información relativa ao ámbito corporativo, industrial e educativo, o que a levou a realizar unha redistribución de contidos. Con isto, sogama.gal pretende dar resposta a catro preguntas claves:

quen somos, que facemos, como o facemos e por que o facemos. E é que, como empresa pública de xestión de residuos municipais, ten unha gran responsabilidade na protección ambiental da nosa comunidade, toda vez que 295 concellos (o 94% do total) confían no seu sistema, o que quere dicir que xestiona e trata cada día os refugallos producidos por máis de 2,2 millóns de habitantes, cifra á que habería que engadir a poboación flotante propia da época estival. Tal e como figura no Saúdo institucional do seu presidente,

Javier Domínguez Lino, a filosofía empresarial desta entidade "réxese polo máximo aproveitamento e o menor desperdicio, de aí que o seu labor se dirixa en todo momento a transformar os residuos en recursos nun marco de economía circular". Domínguez Lino considera que "no haber da compañía figura a súa contribución a unha Galicia sostible que debemos seguir preservando desde a corresponsabilidade; no débito, a súa contribución á sostibilidade das xeracións futuras, un legado para o que seguiremos traballando sen descanso".

Actualidade

A Xunta achega ao alumnado galego o funcionamento de Sogama con realidade virtual e xogos interactivos

A vicepresidenta segunda da Xunta de Galicia e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda visitou o Complexo Medioambiental de Cerceda acompañada dun grupo de alumnos do Colexio Divina Pastora-MM Franciscanas de Ourense



Ángeles Vázquez e Javier Domínguez na visita virtual 360°.

A Xunta de Galicia achega ao alumnado galego o funcionamento de Sogama a través da realidade virtual e de xogos interactivos, tal e como explicou a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, durante unha visita realizada ao Complexo Medioambiental de Cerceda xunto cun grupo de escolares de ESO do Colexio Divina Pastora-MM Franciscanas de Ourense.

A visita, enmarcada nos actos organizados pola Consellería co gallo da Semana por unha Galicia sostible, tiña como obxectivo comprobar in situ a incorporación das novas tecnoloxías ao programa de visitas de Sogama. Segundo subliñou Ángeles Vázquez, veñen de incorporarse dúas novidades didácticas coas que se pretende, non só dar a coñecer a actividade que se leva a cabo no Complexo Medioambiental, senón tamén concienciar aos máis novos da importancia de xestionar correctamente os residuos de cara a mitigar os efectos do cambio climático na Comunidade. Unha das novidades é a

posibilidade de realizar una Visita virtual 360°. Esta actividade permite que os visitantes dispoñan dunha visión máis detallada do proceso industrial que desenvolve Sogama e, ademais, dá a oportunidade de coñecer o interior do Complexo industrial a través de lentes inmersivas de realidade virtual a aqueles colectivos que,

por limitacións de idade ou mobilidade, non poden acceder fisicamente ás instalacións. A maiores, Sogama tamén incorpora o xogo arcade Trash & Furious, un recurso educativo co que os visitantes teñen a oportunidade de poñer a proba o apreso durante a xornada formativa, pero dun xeito divertido e entretido.



A vicepresidenta segunda da Xunta de Galicia e o presidente de Sogama probando o xogo arcade Trash&Furious.

🔄 [Volver á portada](#)

16



Actualidade

Repartidos máis de 300 composteiros en concellos e entidades para que as familias se beneficien da compostaxe doméstica

A empresa amplía a autocompostaxe nos municipios de Cee, Ponteceso, Barbadás, A Merca, Arbo, Tui, Pazos de Borbén e Rodeiro, así como en dúas asociacións de Ribadeo e Fene

Sogama vén de repartir nos últimos dous meses 308 composteiros entre oito concellos galegos e dúas entidades de carácter social co fin de que máis familias poidan beneficiarse da compostaxe doméstica.

Así, na provincia de A Coruña, en Ponteceso, a empresa pública fixo entrega de 50 composteiros cedidos a outros tantos fogares ao tempo que informou da dinámica a seguir e a técnica a aplicar. Ademais, en Cee, Sogama entregou 30 novos composteiros que, sumados aos subministrado anteriormente, facilita que 130 fogares practiquen a autocompostaxe.

Na provincia de Ourense, entregou a Barbadás 30 novos composteiros e son xa 90 os que están xerando compost neste municipio. Pola súa banda, o Concello da Merca incorporou tamén 40 novas vivendas grazas á achega realizada por Sogama.

Na provincia de Pontevedra, en Arbo entregáronse 25 recipientes, facilitando que un total de 267 vivendas autoxestionen a súa materia orgánica. En Tui, coas 50 novas unidades, ascenden a 302 as familias que elaboran o seu propio abono. En Pazos de Borbén, a empresa pública entregou 25 composteiros, que favorecen que



Máis de 300 novas familias beneficianse da compostaxe doméstica.

un total de 350 vivendas xestionen os seus residuos orgánicos, xerando un compost que resulta un abono natural de alta calidade. Finalmente, no Concello de Rodeiro, entregáronse 25 novos composteiros e son xa 130 os fogares incorporados ao programa de compostaxe doméstica que Sogama lidera en Galicia.

Entidades sociais

Sogama tamén atendeu as peticións da Asociación de Veciños de Cinxe, en Ribadeo (Lugo) e de Aspaneps Fene. No primeiro caso, subministróu 30 composteiros e no caso de ASPANEPS Fene, Sogama fixo entrega de 3 novos composteiros de cara a reforzar o labor da asociación no coidado ambiental e na inserción laboral.



O compost doméstico resultante é un abono natural de alta calidade.

🔍 [Volver á portada](#)

Multimedia

Reciclaxe responsable para un mundo redondo

Baixo o lema "Reciclaxe Responsable para un futuro redondo", a Sociedade Galega de Medio Ambiente, co apoio da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, puxo en marcha unha campaña dirixida a conseguir unha maior colaboración e participación da poboación na xestión sostible dos residuos urbanos. A iniciativa ten en conta os urxentes obxectivos europeos en materia de reciclaxe partindo de que a xestión sostible dos residuos urbanos é un dos mellores antídotos para loitar contra o cambio climático. A campaña anima á sociedade a participar na consecución dun futuro sostible a través da colaboración activa na estratexia dos tres R:

reducir, reutilizar e reciclar. Tamén explica polo miúdo como realizar a separación do lixo nos fogares e que materiais deben ser depositados, de forma diferenciada, nos contedores amarelo, azul, iglú verde e xenérico. Ademais, informa sobre a implantación do quinto contedor, de cor marrón, destinado a acoller a materia orgánica dos fogares para logo xerar compost con aplicabilidade en agricultura e xardiñeiría. A campaña inclúe un vídeo xenérico sobre a recollida selectiva, un folleto dixital e un spot publicitario. Precisamente, este último elemento céntrase no quinto contedor, ao que define como o que devolve a vida á materia orgánica, transformándoa en abono natural.



[Acceso directo á campaña](#)

[Consulta o folleto dixital](#)

[Ver o spot publicitario](#)

Escoitando a terra no Día do Medio Ambiente

Co obxectivo de sensibilizar á sociedade na preservación da natureza, e no marco do Día Mundial do Medio Ambiente, Sogama difundiu un vídeo no que animou á cidadanía a escoitar como se comunica a terra cos seres vivos aos que procura un fogar. Neste sentido, incitou a prestarlle atención e a coidala.

[Ver o vídeo](#)



[Volver á portada](#)



Multimedia

Sogama fomenta a bicicleta como medio de transporte alternativo

A Sociedade Galega de Medio Ambiente quixo conmemorar o Día Mundial da Bicicleta cunha acción en medios online lembrando o beneficioso que resulta para a saúde dos usuarios, e para a contorna, desprazarse en bicicleta. A empresa pública recomenda utilizar medios de transporte alternativos para minimizar as emisións de CO2 á atmosfera.



[Ver o vídeo](#)

Cada día é unha oportunidade

Con motivo do Día Internacional da Reciclaxe, Sogama fixo público un vídeo no que desbota cinco mitos sobre a reciclaxe como que é unha práctica cara, que contamina máis do necesario, de que os camións misturan os restos depositados nos contedores e de que os produtos reciclados son diferentes.

[Ver o vídeo para recoller máis ideas](#)



[Volver á portada](#)

19



Multimedia

A por un cambio transformador

A Sociedade Galega de Medio Ambiente dá unha serie de indicacións sobre o que é ser sostible. Nun pequeno vídeo, destaca que se trata de mudar cara a enerxías renovables, contribuír á reciclaxe, non desperdiciar alimentos, consumir menos recursos e reducir as emisións de CO2.

[Ver o vídeo](#)



Día Mundial da Terra: é o momento de poñerse a pensar

Sogama quixo chamar a atención da sociedade sobre a necesidade de protexer a terra. Nun vídeo, e con imaxes moi representativas do cambio climático, da contaminación e da acumulación de residuos, a empresa pública anima á cidadanía a pensar, a pedir perdón e a mudar os seus hábitos a prol da conservación do medio natural.

[Ver o vídeo](#)



[Volver á portada](#)

Eventos



Reactivado o programa de visitas a Sogama da man das novas tecnoloxías

A Sociedade Galega do Medio Ambiente reactivou o programa de visitas ás súas instalacións de Cerceda (A Coruña), logo de que este se suspendera con motivo da pandemia do COVID-19. O novo programa arrincou no mes de marzo da man de estudantes da Universidade da Coruña,

concretamente da Facultade de Ciencias, cos que mantivo un encontro o presidente executivo da empresa pública, Javier Domínguez Lino, para agradecerlles o seu interese en coñecer a infraestrutura industrial cercedense e comprobar en primeira persoa a actividade desenvolvida na mesma.

A fin de que os grupos escolares de primaria e secundaria poidan sacar un maior rendemento didáctico deste programa, a empresa deseñou para eles distintas dinámicas pedagóxicas coas que garantir a adquisición de coñecementos a través do xogo.

Participación no foro “La Galicia que viene”

Javier Domínguez Lino participou no II Foro Económico Español “La Galicia que viene”, que tivo lugar en A Coruña o pasado mes de abril. Organizado por El Español, xunto a Quincemil e Treintayseis, este simposio, que contou coa intervención do presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, analizou os desafíos e retos aos que se enfrenta Galicia en distintos ámbitos, como son a política e a economía, a sanidade, a industria e o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030.



Eventos

CRETUS e Sogama comparten experiencias e proxectos

Representantes de CRETUS (Centro Interdisciplinar de Investigación en Tecnoloxías Ambientais da Universidade de Santiago de Compostela), mantiveron un encontro coa directora xeral de Sogama, Mirta Sueiro Costoya, en Cerceda, a fin de compartir experiencias, propostas e proxectos. Durante a visita, a directora xeral presentou os aspectos máis relevantes do novo plan estratéxico da entidade para o período 2024-2030, destacando ao respecto que cobrarán especial protagonismo a innovación, a dixitalización, a descarbonización de procesos e a economía circular. O obxectivo final é pasar de ser unha empresa de xestión de residuos a unha empresa xeradora de recursos.



ISWA celebra en Oriente Medio a 39 edición do seu Congreso

Baixo o lema "Acción global cara a un futuro neto cero", ISWA celebrará a edición número 39 do seu Congreso anual e farao en Oriente Medio, concretamente en Mascate (Omán), do 30 de outubro ao 1 de novembro do ano en curso. O evento ofrecerá sesións plenarias de alto nivel e un amplo programa científico integral que poñerá de relevo o impacto socioeconómico da redución e a reciclaxe de residuos, a protección do medio ambiente e a saúde, a seguridade, as políticas de mitigación do cambio climático, o impulso da eficiencia

dos recursos e a economía circular, a adopción de novas tecnoloxías, a promoción do bo goberno e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible. En todo caso, a pretensión do congreso é poñer de relevo o

papel clave que o sector ten na transición á economía circular e a súa contribución á hora de abordar a tripla crise planetaria, isto é, lograr a neutralidade climática, a contaminación cero e deter a perda de biodiversidade.



Curiosidades

Un novo acordo protexe a biodiversidade mariña en augas internacionais

A sede da ONU en Nova York foi testemuña o pasado mes de marzo do acordo co que se culminaron as negociacións sobre o coñecido como "Tratado de alta mar", cuxo obxectivo é situar ao 30% dos océanos do mundo en áreas protexidas, podendo así destinar máis diñeiro á conservación mariña e cubrir o acceso e o uso dos recursos xenéticos mariños. O Secretario Xeral da Organización das Nacións Unidas (ONU), António Guterres, felicitou aos países membros das Nacións Unidas por culminar un texto que busca garantir a conservación e o uso sostible da diversidade biolóxica mariña de áreas fóra da xurisdición nacional. Guterres sostivo que o tratado é crucial para abordar a tripla crise planetaria do cambio climático, a perda de biodiversidade e a contaminación. "Tamén é vital para lograr os obxectivos



e metas relacionados cos océanos da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible e o Marco Global de Biodiversidade de Kunming-Montreal", referíndose ao chamado compromiso '30x30' para protexer un terzo da biodiversidade do mundo, en terra e mar para 2030, logrado nunha conferencia da ONU en Montreal en decembro pasado.

Fonte: ONU
Imaxe: Pexels

A CE regula o acceso da UE á subministración sostible de materias primas críticas

A Comisión Europea propuxo o pasado mes de marzo un conxunto integral de accións para garantir o acceso da UE á subministración segura, diversificada, asequible e sostible de materias primas críticas, indispensables para un amplo conxunto de sectores estratéxicos. Xunto coa reforma do deseño do mercado eléctrico e a Lei de industria neta cero, as medidas sobre materias primas críticas crean unha contorna regulatoria propicia para as industrias netas cero e a competitividade da industria europea, como se anuncia no Plan industrial Green Deal. Entre as medidas propostas na nova normativa figura a mellora da recollida de residuos ricos en



materias primas críticas e o seu posterior reciclado en materias primas críticas secundarias.

Fonte: Comisión Europea
Imaxe: Pexels.



Curiosidades

A CE intensifica a protección do consumidor fronte ao “greenwashing”

A Comisión Europea propuxo criterios comúns contra o lavado verde ou “greenwashing” e as afirmacións ambientais enganosas. Con isto quere que os consumidores teñan máis claridade, maior seguridade de que cando algo se vende como verde, en realidade sexa verde, e información de mellor calidade para elixir produtos e servizos que non danan o medio ambiente.

As empresas tamén se beneficiarán destas medidas, pois aquelas que fagan un esforzo xenuíno por mellorar a sostiabilidade ambiental dos seus produtos, serán máis facilmente recoñecidas e recompensadas polos consumidores e poderán aumentar as súas vendas, en lugar de enfrontarse a unha competencia desleal. Antes de que as empresas



comuniquen calquera dos tipos cubertos de ‘afirmacións ecolóxicas’ aos consumidores, ditas afirmacións deberán verificarse de forma independente e probarse con evidencia científica. Como parte da análise científica,


as empresas identificarán os impactos ambientais que realmente son relevantes para o seu produto, así como tamén identificarán as posibles compensacións para brindar unha imaxe completa e precisa.

Fonte: Comisión Europea

Imaxe: Pixabay

A CE fomenta a reparación dos produtos, facéndoa máis vantaxosa para os consumidores españois

A Comisión adoptou unha nova proposta sobre normas comúns para fomentar a reparación de bens, o que suporá un aforro para os consumidores e apoiará a consecución dos obxectivos do Pacto Verde Europeo mediante a redución de residuos. Durante as últimas décadas, veuse priorizando a substitución sobre a reparación cando os produtos se estragan e os consumidores non reciben suficientes incentivos para reparalos no momento en que vence a garantía legal. A proposta fará que sexa máis fácil e rendible reparar en lugar de substituír bens, coa vantaxe de que unha maior demanda traducirase nun impulso para o sector da reparación, á vez



que incentivará aos produtores e vendedores para que desenvolvan

modelos comerciais máis sostibles.

Fonte: Comisión Europea

Imaxe: Pixabay

🔄 [Volver á portada](#)



Curiosidades

ESWET aposta polas plantas integradas de recuperación de residuos

ESWET, a organización europea de tecnoloxías de valorización enerxética de residuos, presentou nun informe a súa visión sobre o futuro da xestión dos residuos a través do que denomina plantas integradas de recuperación de recursos (IRF), un novo modelo de instalación que, segundo afirma, liberará todo o potencial de descarbonización da conversión de residuos en enerxía. ESWET asegura que a valorización enerxética complementa a prevención, a reutilización e a reciclaxe, e representa actualmente a solución máis sostible para tratar



Fonte e imaxe: ESWET

a fracción non reciclable. Con todo, e dado que a xeración de lixo segue a aumentar en Europa e en todo o mundo, o sector está a traballar en formas innovadoras de aproveitar todo o seu potencial. O IRF representa unha evolución radical no tratamento térmico de residuos. Grazas á enxeñería europea de última xeración, as plantas novas e renovadas, non

só están deseñadas para producir calor e electricidade, senón tamén hidróxeno parcialmente renovable e combustibles sintéticos, e mesmo para capturar as súas emisións de CO₂. Ademais, o IRF fomenta a recuperación de materias primas secundarias.

A ONU asegura que “se actuamos agora, aínda é posible garantir un futuro sostible e habitable para todos”

O Informe climático de Nacións Unidas apunta a que, se se actúa de forma urxente, é posible reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro. Segundo os expertos e científicos do Grupo Intergobernamental sobre o Cambio Climático (IPCC) “urxe tomar medidas máis ambiciosas e demóstrase que, se actuamos agora, aínda é posible garantir un futuro sostible e habitable para todos”. O informe do IPCC deste ano fai fincapé en que nesta década, a acción acelerada para adaptarse ao cambio climático é indispensable a fin de diminuír a brecha entre as medidas de adaptación en vigor e as que se necesitan. Por outra banda, e ao obxecto de limitar o quecemento a 1,5 °C con respecto aos niveis preindustriais, é preciso lograr reducións drásticas, rápidas e sostidas das emisións de gases de efecto invernadoiro en todos os sectores.



Os beneficios económicos para a saúde humana derivados só da mellora da calidade do aire serían aproximadamente iguais, ou quizais mesmo superiores, aos custos que implican reducir ou evitar as emisións. É por isto que, para lograr os obxectivos climáticos a escala

Fonte: ONU
Imaxe: Pixabay

global, resulte necesario aumentar o financiamento destinado aos investimentos na esfera do clima.

Curiosidades

FER considera que a reciclaxe será fundamental na Lei de Materias Primas Críticas

Logo da presentación, o pasado 24 de marzo, do borrador do Regulamento de Materias Primas Críticas, a directora de FER, (Federación Española da Recuperación e a Reciclaxe), Alicia García-Franco deu a benvida ao mesmo debido a que acelera a normativa para reducir a dependencia da UE da importación de materias primas esenciais de terceiros países e, con isto, asegurar a cadea de subministración nas transicións ecolóxica e dixital.

Tamén explicou que o regulamento “recoñece a importancia decisiva da industria da reciclaxe para conseguir que, alomenos o 40% do consumo anual das materias primas críticas (CRM, nas súas siglas en inglés) proveñan de procesos de transformación realizados na Unión Europea”. A Federación sinala que o 10% do consumo de materias primas estratéxicas debería extraerse

Fonte: FER
Imaxe: Pixabay



na UE e que, para asegurar a circularidade e a seguridade da subministración, a industria europea da reciclaxe debería poder producir polo menos o 15% do consumo anual da UE de cada materia prima estratéxica.

Resulta esencial garantir a reciclabilidade de todos os envases

Se ben a Confederación Europea de Industrias de Reciclaxe (EuRIC) apoia firmemente a proposta da Comisión de Regulamento sobre envases e residuos de envases (PPWR), o certo é que considera necesario superar certas barreiras e lagoas para un enfoque máis circular e garantir canto antes a reciclabilidade de todos os envases comercializados na UE.

Sobre a base dos criterios maduros de deseño para a reciclaxe (DFR) existentes, apunta a que se require un período de tempo estrito para o desenvolvemento e a aplicabilidade dos mesmos, así como a reciclabilidade a escala, precisándose igualmente de normas máis estritas sobre os envases compostables para poder comercializalos na UE.



Segundo o proposto, as disposicións actuais enviarían unha mensaxe de clasificación pouco clara aos

consumidores e interromperían o funcionamento dos procesos de clasificación e reciclaxe de plástico.

Fonte e imaxe: EuRIC



Curiosidades

A ONU traza unha folla de roteiro para solucionar a contaminación mundial por plásticos

Segundo un novo informe do Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA), a contaminación por plásticos podería reducirse nun 80% de aquí a 2040 se os países e as empresas realizan profundos cambios nas súas políticas e mercados utilizando as tecnoloxías existentes.

O informe “Cerrar el grifo: cómo el mundo puede poner fin a la contaminación por plásticos y crear una economía circular”, publicouse para a segunda rolda de negociacións en París sobre un acordo mundial co que poñer fin á

contaminación por plásticos, e nel expóñense a magnitude e a natureza das medidas necesarias.

O informe propón eliminar os plásticos problemáticos e innecesarios para reducir a magnitude do problema e avoga por tres cambios no mercado: reutilizar, reciclar e reorientar-diversificar os produtos.




Fonte e imaxe: ONU

Europa propón loitar contra a moda rápida e producir téxtiles de forma circular

Os eurodeputados da Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo adoptaron recentemente unha serie de recomendacións sobre medidas para loitar contra a moda rápida e garantir que os téxtiles se produzan de forma circular, sostible e socialmente xusta.

Consideran que os produtos téxtiles vendidos na UE deberían ser máis duradeiros, máis fáciles de reutilizar, reparar e reciclar, estar fabricados en boa parte con fibras recicladas e libres de substancias perigosas, e garantir que se produzan de maneira que se respecten os dereitos humanos, sociais e laborais, o medio ambiente e o benestar animal ao longo da súa cadea de subministración.

Para facer fronte á sobreproducción e ó consumo excesivo de roupa e calzado, o Comité pide á Comisión, e aos países da UE, que adopten normas que acaben coa “moda rápida”, empezando por unha definición clara do termo baseada en “volumes elevados de prendas de menor calidade”.



Fonte: Parlamento Europeo

Imaxe: Pexels



Curiosidades

Os mercados circulares europeos poderían ter un valor de 1,5 billóns de euros para 2040 e aforrar 650 Mt CO2e por ano

Un informe publicado por Summa Equity estimou en 230 mil millóns de euros as necesidades de investimento para 2040, só en novos activos físicos e infraestrutura, para permitir a transición cara a unha economía circular europea.

O seu estudo "Investing in a circular and waste-free Europe" pon de relevo aquelas áreas nas que a UE está a funcionar de forma deficiente, como é o caso da produción e eliminación de materiais, que xera 850 Mt de CO2e por ano, equivalente ao 22% das emisións totais de GEI da UE.

Unha das oportunidades que esta organización identifica como máis importantes é a necesidade dunha nova base de activos para a economía circular: equipos, plantas de procesamento e infraestrutura de apoio; investimentos que tamén poden xerar rendementos atractivos coa valoración dos mercados potencialmente circulares, superando os 1,5 billóns de euros para 2040.



Eurostat publica un novo marco de seguimento da economía circular

Eurostat publicou o marco revisado de seguimento da economía circular da Unión Europea (o primeiro data de xaneiro de 2018), sendo o seu obxectivo ofrecer unha visión global, medindo os beneficios directos e indirectos da crecente circularidade.

Baseado nas prioridades da economía circular no contexto do Pacto Verde Europeo, o oitavo programa de acción ambiental, a axenda 2030 para o desenvolvemento sostible e os obxectivos de seguridade da subministración e resiliencia da UE, consta de 11 indicadores agrupados en 5 dimensións: 1) produción e consumo, 2) xestión de residuos, 3) materias primas secundarias, 4) competitividade e innovación e 5) sostibilidade e resiliencia mundiais, e inclúe outros novos tales como pegada material, produtividade dos recursos, pegada de consumo, emisións de gases de efecto invernadoiro das actividades produtivas e dependencia material.



Curiosidades

Nove de cada dez consumidores reutilizan as bolsas de papel tres veces de media

Nove de cada dez consumidores reutilizan as bolsas de papel, de media, tres veces: o 45% para volver a comprar, o 46% para levar obxectos persoais e un 56% para gardar enseres.

Estes datos confirman que a bolsa de papel consolidouse como alternativa natural nos comercios españois. De feito, úsana o 65%, respondendo así á demanda social, pois o 86% dos consumidores, se poden escoller, elixen bolsas de papel.

A alta valoración, por parte de consumidores e comerciantes, dos atributos ambientais da bolsa de papel –reutilizable, biodegradable, reciclable e renovable– tradúcese nun uso crecente da mesma en todo tipo de establecementos.

Para o 90% dos consumidores, a bolsa de papel reafirmase como transmisora dos valores de ecoloxía sostible e coidado do medio ambiente.



Fonte: IDE
Imaxe: Pexels



Receitario

Prato saudable e proteico

Nestes meses nos que xa apreta a calor, son moitas as comidas con amigos e familiares e nada apetece máis que compatir un arroz repousado rico e saudable. Sobre a base da carne de pavo, máis baixa en calorías e grasa que a de polo pero tamén máis rica en proteínas, propónse unha alternativa á paella de marisco ou ao arroz con verduras apta para nenos e maiores pola fácil dixestión da propia carne de pavo.

Coma sempre, esta proposta culinaria forma parte do libro de receitas "recicladas" editado polo Penal de Monterroso, "[Sabroso reciclaje](#)", e tradúcese neste arroz con pavo que non só dá lugar a unha sobremesa ao aire libre, senón que tamén permite unha charla amigable durante a súa preparación. O recetario inclúe outras moitas formas de preparar restos de comida que ás veces quedan relegadas na neveira e que logo acaban no lixo. Revisádeo e non dubidedes en compartilas en [Facebook](#), [Twitter](#) e [Instagram](#) e etiquetádenos!

Arroz con pavo



Ingredientes reciclados

- Pavo guisado
- Osos miúdos de pavo



Outros ingredientes

- Arroz
- Cebola e allo
- Pementos verde e rojo
- Xamón
- Tomate natural
- Pemento chorceiro
- Viño branco
- Sal
- Aceite de oliva



Elaboración:

1. Cos osos de pavo faise un caldo mentres que se trocean os restos sobrantes dun guiso.
2. Desmenúzase a carne dos restos de pavo ao tempo que se pica o xamón en taquiños e se reserva todo.
3. Nunha cazola plana, rehóganse con aceite de oliva, 2 dentes de allo enteiros e sen pelar, un pouco pemento verde, rojo e media cebola.
4. Engádese o arroz e sofríese. Agregamos 4 cucharadas sopeiras de tomate e 2 de pemento chorceiro, e finalmente, un vasiño de viño branco. A continuación, deixamos evaporar o alcohol e engádese o caldo xunto co pavo troceado. Cócese a fogo suave durante 20 minutos e logo, apártase do fogo.
5. Déixase reposar un par de minutos e listo!

